



## IX CAMPEONATO GALEGO DE COCINEROS

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2008



XI Campeonato de España de Cocineros -Jóvenes Restauradores de España  
Bocuse d'Or (Galicia) -Selección Autónoma

Convoca e organiza:



### A ÚNICA FÉMINA CONCURSANTE GAÑA O IX CAMPEONATO GALEGO DE COCIÑEIRO

Inés Abril, do Restaurante Maruja Limón (Vigo) será o representante de Galicia no “XI Campeonato de España de Cocineros 2008” tras obter o primeiro posto no IX Campeonato Galego de Cocineiros organizado polo Grupo Hostelería Galega e Turismo que se celebrou onte no Centro Superior de Hostelería de Galicia, en Santiago de Compostela. O segundo posto foi para Carlos Rodal do Restaurante Los Abetos(Nigrán) e o terceiro para Alfonso González Pendás do Restaurante Casa Pendás (Sebes- Narón)

Dende as once da mañá, hora na que o primer cocineiro entrou na cociña, e ata as oito da tarde, momento no que o xurado degustou o último prato, o Centro Superior de Hostelería estaba repleto de nervos. Cada un dos dez cocineiros seleccionados para participar nesta final entregou diante dos fogóns o mellor de si mesmo para facerse co primeiro posto e poder, así, representar a Galicia no “XI Campeonato de España de Cocineros 2008”, que se celebrará en Madrid dentro do “XXII Salón Internacional del Club Gourmets”, os días 15 e 16 de abril, e optar a participar no “Bocuse d’Or” homologado como campeonato do mundo.

Un xurado internacional no que se encontraban **Javier González** – Grupo Nove- Restaurante A Raxidora, **José Luis Iglesias** Restaurante Cabanas – Membro Da Asociación Lareira, **Paz Ivison** – Responsable Do Club Gourmets O Longo Da Precedente Historia Do Campionato, **Cecilio Lera**- Restaurante Mesón Del Labrador, **Manicha Bermúdez**- Restaurante Rotilio, **Carmen Parada** – Agaxet, **André De Quiroga** – Xornalista Lisboa, **Mario Hernández Bueno** – Crítico Gastronómico Experto En Cociña Internacional, **Mini Oka** – Nipo-Americana Creativa Innovadora Na Fusión Do Arte E A Cociña, **Javier Olleros** – Subcampeón Campionato Galego De Cocineiros 06, **José María Rubio** – Presidente Federación Española De Hostelería, **Juan Silva** – Presidente Confederación Empresarios De Hostelería De Galicia (Cehosga), **Xosé Paz Gestoso**: Director Centro Superior De Hostelería De Galicia, **Guillermo Campos** – Grupo Hgt- Director Del Certamen, **M<sup>a</sup> del Carmen Durán** – Restaurante Nixón – Membro da Asociación Xantares, **Constantino Iglesias** – Director Centro de Formación Ourense- (Cehosga) e **Roberto Walther** – Xefe do Departamento de Cociña do CSHG, degustou o longo da tarde un total de vinte pratos, dez de salmón e dez de carne, para decidir quen era o merecedor do primeiro posto.

O nome do gañador do Campionato, así coma os do segundo e terceiro clasificado, deuse a coñecer no transcurso da cea de clausura, que se celebrou no mesmo Centro Superior de Hostelería de Galicia, na que estiveron presentes todos os participantes así coma os membros do xurado e autoridades, entre as que se atopaba Rubén Lois, Director Xeral de Turismo, entidade patrocinadora do Campionato, a través de convenio con CEHOSGA e o grupo HG&T, creador e organizador desde fai máis de tres lustros, dos campións para a promoción das profesións hostaleiras.